



Concello de Mugardos
(A Coruña)

CONCELLO DE MUGARDOS

ANUNCIO

BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS, ASIMILADA Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, GRUPO V, AUXILIAR DE AXUDA AO FOGAR

O sr. Concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior do Concello de Mugardos, dictou, con data 23.07.2024, a resolución da alcaldía núm. 2024-0867, pola que se prestou aprobación á creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante a contratación de persoal laboral temporal da Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, Grupo V, auxiliar de axuda ao fogar, tal como figura de seguido:

Aspirante	DNI	Puntuación final
Montes García, M ^a Cristina	***1616**	9,252
Martínez Calvo, M ^a Dolores	***6365**	9,252
Marín Rodríguez, Ángeles	***7534**	9,252
González Espeso, Patricia	***7305**	9,018
Hermosilla Sande, M ^a de la Luz	***5583**	8,868
Saavedra Marcos, Cristina	***7225**	8,868
López Varela, M ^a José	***4352**	8,868
Martínez Santalla, Pilar	***3624**	8,484
Fernández Prieto, Natalia M ^a	***2144**	8,484
Silva Sanmartín, Natalia	***1767**	8,20
Fidalgo Grela, Lara	***1766**	8,10





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A duración da presente bolsa de emprego terá unha validez de cinco anos contados dende a publicación das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos (BOP Coruña núm. 74, de 16.04.2024), ou, no seu defecto, ata que todas as persoas interesadas que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreto ou presenten a súa renuncia.

Sinalar que a presente bolsa de emprego funcionará coas características que se sinalan na base 13ª das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 74, do día 16.04.2024, a cal se reproduce a continuación:

“Décimo terceira.- Creación da bolsa de emprego.

Crearase unha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que superen as probas da fase de oposición, ordeadas de maior a menor puntuación, incluíndose no primeiro posto aquel/a que obtivera a maior puntuación.

É condición inescusable para a pertenza á devandita bolsa o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base 5ª das presentes bases (e en relación co establecido na base segunda das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 74, do día 16.04.2024 e na base 5ª das bases específicas reguladoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do Concello de Mugardos de Auxiliar de Axuda ao Fogar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 75, do día 17.04.2024).

Unha vez detectada a situación de necesidade de cubrir temporalmente unha praza nos casos previstos e previo xustificación previa da concorrencia dalgún dos supostos habilitadores así como a existencia de crédito orzamentario, a Alcaldía ou concellería delegada segundo corresponda en cada caso, procederá ao chamamento sucesivo das persoas aspirantes por orde de lista, debendo as persoas interesadas manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello de Mugardos, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

A notificación practicarase exclusivamente mediante a publicación da oferta no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Mugardos, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar coa persoa interesada por vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas en horario de mañá, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante informe emitido polo funcionario/a que realice os intentos.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a seguinte documentación:





Concello de Mugaros
(A Coruña)

A persoa aspirante proposta, achegará no prazo máximo de 5 días naturais, contados a partir de manifestar a súa aceptación ao chamamento, os documentos seguintes:

1º.-Fotocopia do título académico esixido na bases específicas ou no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.

2º.-Declaración xurada de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3º.-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, a persoa aspirante seleccionada someterase a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forma maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base segunda e das que no seu caso se sinalen nas Bases específicas, suporá que a persoa aspirante non poderá ser nomeada funcionario/a interino/a ou contratada como persoal laboral temporal e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Neste caso procederá a requirírselle a documentación á persoa aspirante que tivera quedado na seguinte posición concedéndolle idéntico prazo para que proceda a presentala.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Cando un das persoas aspirantes incluídos na lista fose chamada para ocupar un posto, ao rematar o período de prestación de servizos recuperará o seu lugar inicial na mesma de xeito que poderá ser chamado novamente para outra interinidade/contatación laboral.

A renuncia, ou a non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo implicará que a persoa aspirante pasará ao derradeiro lugar da lista salvo naqueles casos nos que xustifique documentalmente que está a prestar servizos noutro posto de traballo nesta Administración ou noutra ou que nese intre se atopa en situación de baixa laboral. Nestes casos permanecerá invariable a súa posición na bolsa de emprego.

As persoas integrantes da bolsa poderán en calquera momento comunicar a renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude por escrito que terá que ir dirixida ao Alcalde – Presidente da Corporación.

No caso de que existiran varias vacantes simultáneas que deban ser cubertas coa mesma bolsa de emprego a orde de provisión se realizará por orde de lista, de tal xeito que á primeira clasificada se lle dará a escoller entre as diferentes prazas vacantes para que este elixa a que desexe cubrir e así sucesivamente pola orde que ocupasen os aspirantes na bolsa de emprego ata cubrir a totalidade de vacantes.”

A citada resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Alcalde-Presidente, nos termos e prazos sinalados na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e/ou directamente de recurso contencioso administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-0615, do 26.06.2023), D. José Miguel Mahía Prados, o 24 de xullo de 2024.

